

**ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2018 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS - PDR 2018”**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 13:00 horas, do día 19 de outubro de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura do sobre único correspondente ao contrato da obra “Plan de Mellora de Camiños - PDR 2018”, que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- Non asiste D. Xosé Magariños Maceiras, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo Municipal, adscrita ao Departamento de Secretaría.

En primeiro lugar dáse conta de que as empresas CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L, HORDESCÓN S.L. (que a maiores debía presentar asinada electronicamente a Declaración Responsable) , NEMESIO ORDOÑEZ (NOSA), MISTURAS S.A. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., subsanaron correctamente a documentación requirida durante o prazo concedido ao efecto, polo que continúan na licitación.

De seguido procedese a apertura da oferta económica, e sendo esta parte da sesión pública incorporase Dna. Veronica Val Vázquez, en representación da Federación Galega da Construcción.

Abertas as ofertas presentadas polas empresas licitadoras, obténse o seguinte resultado:

**CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L**

Oferta económica	135.580,69 euros.
Aumento prazo de garantía	48 meses.
Reducción prazo de execución ofertado	25 días

**NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.**

Oferta económica	119.745,47 euros.
Aumento prazo de garantía	144 meses.
Reducción prazo de execución ofertado	25 días

**HORDESCÓN S.L.**

Oferta económica	122.442,10 euros.
Aumento prazo de garantía	12 meses.

Reducción prazo de execución ofertado	25 días
---------------------------------------	---------

**NEMESIO ORDOÑEZ (NOSA).**

Oferta económica	115.850,34 euros.
Aumento prazo de garantía	4 anos (48 meses).
Reducción prazo de execución ofertado	15 días

**TABOADA Y RAMOS S.L.**

Oferta económica	108.868,54 euros.
Aumento prazo de garantía	85 meses.
Reducción prazo de execución ofertado	24 días

**MISTURAS S.A.**

Oferta económica	128.868,63 euros.
Aumento prazo de garantía	60 meses.
Reducción prazo de execución ofertado	25 días

**ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.**

Oferta económica	140.659,35 euros.
Aumento prazo de garantía	12 meses.
Reducción prazo de execución ofertado	0 días

**CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA)**

Oferta económica	119.101,27 euros.
Aumento prazo de garantía	6 anos (72 meses).
Reducción prazo de execución ofertado	25 días

Feitos os cálculos das ofertas económicas presentadas, co fin de comprobar se algunha está incurso en presunción de anormalidade, compróbase que a oferta económica presentada pola empresa TABOADA Y RAMOS S.L. atópase neste caso, ao abeiro do artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, por lo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas, é inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas, xa que a oferta presentada ascende a 108.868,54 euros, a media aritmética das once ofertas é de 123.889,55 euros, polo que estarán incursas en presunción de anormalidade aquelas que sexan inferiores a 111.500,59 euros.

En consecuencia, ao abeiro do establecido na cláusula 20 do PCAP que rexe a contratación, debe requerirse á empresa TABOADA Y RAMOS S.L., para que nun prazo non superior a cinco días hábiles, a contar dende a recepción do requirimento, xustifique de xeito motivado a súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato nesas condicións económicas, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables das que dispoña para a súa execución, a innovación e orixinalidade das solucións propostas, o respecto das obrigas aplicables

en materia medioambiental, social, laboral ou de subcontratación ou posible obtención dunha axuda de Estado.

Unha vez presentada dita xustificación e informada por un técnico municipal, a Mesa volverase a reunir, en acto non público, e en función de se dita xustificación se considera suficiente, a Mesa de Contratación determinará a súa admisión para continuar nesta licitación, e proceder a valorar as ofertas.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)